

LGL 1º ESO: ACTIVIDADES VOLUNTARIAS

Actividade	En que consiste?	De que xeito e con que condicións?	Como se avalía?
Lecturas			[Os criterios, a seguir]
1. Obras literarias	Lectura de obras literarias propostas.	Comunicación previa ao profesor do libro escollido.	Cunha proba oral durante un recreo. Ata 0'5 – 1 cada.
Expresión escrita			
2. Eu blogueo (anotacións de blogue)	Elaboración de artigos persoais de diferente tipo no blogue persoal de remexer.neolms.eu	Axuste a unha ou máis das propostas que se recollen na páxina <i>Recursos</i> de remexer.com/lingua . Revisión da anotación seguindo as indicacións dos comentarios do profesor.	Por medio da revisión dos propios artigos de blogue. Ata 0'25 p. cada artigo, ata un máximo de 1 p.
Expresión oral			
3. Novas de actualidade	Comentario de novas de interese: síntese e valoración persoal.	Recolleranse en medios en galego: RG, TVG, praza.gal , sermosgaliza.gal ... Valoraranse especialmente noticias sobre as linguas. A intervención oral realizarase ao comezo das aulas, previa solicitude, e ocupará de 3 a 5 min.	Con rúbrica baseada nos criterios especificados. Puntuación: ata 0'5.
4. Propostas de visionado	Presentación de curtas, series, documentais... en galego e valoración.	A intervención oral realizarase ao comezo das aulas, previa solicitude, e ocupará de 3 a 5 min. Apoiarase nunha presentación de diapositivas orixinal.	

Criterios para avaliar a lectura de obras literarias

- Comprende a mensaxe e os diferentes temas tratados na obra.
- Analiza os elementos e recursos literarios principais do libro.
- Explica o seu proceso de lectura.
- Valora a obra argumentadamente.

Criterios para avaliar as anotacións de blogue

- Axústase a algunha das propostas que se recollen na páxina *Recursos* do blogue da materia.
- Inclúe un título axeitado e un corpo con contidos propios ou ben reelaborados (sen *copia e pega*).
- Compón como mínimo un parágrafo e como máximo cinco ou seis, con varias oracións ben construídas.
- Elabora parágrafos breves que transmiten con claridade o que se quere dicir, usando tamén os recursos tipográficos: tipo de letra, viñetas...
- Manexa espazos web de interese en relación co contido e inclúense no artigo ligazóns activas a eses sitios que permitan ampliar ou contrastar a información.
- Usa unha linguaxe correcta co apoio das ferramentas lingüísticas da rede (corrector en liña, dicionario...).
- Insire cando menos unha imaxe en relación co tema; se se toma da rede, é libre e cítase a fonte.
- Clasifica a anotación mediante unha etiqueta (do tipo: recomendacións, novas, guías, reseñas, extraescolares, videocreación, opinión...).
- Revisa e mellora a anotación seguindo as indicacións dos comentarios do profesor.

Criterios para avaliar as intervencións orais

- Procura información pertinente en sitios adecuados e indica as fontes.
- Entende as informacións e ideas e reelabóraas.
- Axusta o contido aos receptores e ao tempo dispoñíbel.
- Organiza o discurso, incluíndo unha introdución que adiante de que se vai falar, diferentes partes iniciadas por marcadores textuais e mais un peche a modo de conclusión.
- Elabora un guión e séguelo (apoiándose ou non noutros medios auxiliares, como diapositivas).
- Articula os sons con claridade (vocaliza) e fala con fluidez, volume de voz e ton axeitados.
- Emprega unha linguaxe precisa e correcta.
- Acompaña a intervención de posturas, xestos, miradas cara aos receptores, etc. adecuados.
- Emprega estratexias para manter a atención e para facilitarlles aos receptores a comprensión.
- Sintetiza e valora as noticias (na actividade 3).
- Presenta unha produción audiovisual e valóraa empregando argumentos (na actividade 4)